# Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de agosto de 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do 3 de agosto de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 29 de xuño de 2017.
2º.- Comunicacións previas (obra menor).
3º- Comunicación previa (apertura).
4º- Licenza de vado permanente (baixa).
5º- Licenzas de primeira ocupación.
6º- Licenza de segregación.
7º- Licenza de obra maior.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE XUÑO DE 2017.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 29 de xuño de 2017.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIO RIVAS DIAZ, con domicilio en Brans de Abaixo 26, Brión, na que comunica que vai realizar obras de reparación e pintado de fachada, renovación de contraventás, e construción dunha piscina de 10 x 5 m, en Brans de Abaixo 26, Brión.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-2).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Que a piscina este situada mínimo a 3 m. dos lindeiros e mínimo a 7 m. do eixo da vía.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO XOSE DUBERT GARCIA, con domicilio en Paseo de Pedrouzos 26, Brión, na que comunica que vai realizar obras de substitución das fiestras de aluminio por outras de PVC en Paseo de Pedrouzos 26, Brión.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC2).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA MERCEDES BOULLON LAGO, con domicilio en A Pedreira 1, Luaña, na que comunica que vai realizar obras de pavimentación con formigón pulido dunha parte da parcela de A Pedreira 1, Luaña.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS NUÑEZ PICALLO, con domicilio en Sabaxáns 28, Bastavales, na que comunica que vai realizar obras de conexión da vivenda de Sabaxáns 28, Bastavales, á rede de pluviais, levantando 4 metros lineais de beirarrúa ata a arqueta máis próxima.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC-1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se repoñan as baldosas.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL JOSE FERNANDEZ GARCIA, con domicilio no Outeiro 27, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de construción dun peche de 564,81 metros, nas parcelas con referencia catastral: 15013A038011270000US, 15013A038009510000UD, 15013A038009500000UR, no lugar do Outeiro, Os Ánxeles.
As parcelas onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o peche non supere 1,80 m. de altura, medidos desde a rasante natural do terreo.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Berdullas Nieto, que di actuar en representación de MANUEL TORREIRA RODRIGUEZ, con domicilio na Rúa da Fonte 12, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de reparación de cuberta da vivenda da Rúa da Fonte 12, Os Ánxeles, de 130 $m^2$, substituíndo as tellas existentes por outras novas.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ VAZQUEZ CASTRO, con domicilio en Coruxido 53, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 28 m. en Coruxido 53, Bastavales, con base de bloques de formigón ata unha altura máxima de 1,20 m e arame por encima ata unha altura máxima total de 1,80 m.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza núm.8 (NRL-2) do PXOM.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O muro de fábrica quedará revestido e pintado.
- O muro deberá comezar, no seu linde norte, a 5,5 m. do eixe do vial (segundo a acta de cesión asinada o 15.01.2016).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA GARCIA LUEIRO, con domicilio en Mourentáns 56, Viceso, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 220 metros de lonxitude, con base de bloque e arame por encima en Mourentáns 56, Viceso, situado a 4 metros do eixe da estrada de titularidade municipal.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-2).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución da Deputación Provincial da Coruña de data 27/06/2017, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas condicións que se sinalan na resolución da Deputación Provincial da Coruña referenciada, que consta con anterioridade presentada pola interesada neste expediente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PRAZA DO CONCELLO Nº 2, na que comunica que vai realizar obras no edificio situado na Praza do Concello 2, Brión, coa finalidade de solucionar os problemas que existen de humidades e suciedade. Trátase de obras de escasa entidade para garantir as condicións de estanquidade e de seguridade pero non afectando á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.
As parcelas onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Susana Barbazán Liñares, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE BALADO BLOQUE 14, na que comunica que vai realizar obras de reparación da fachada do edificio situado na Urbanización Monte Balado 15-17, Os Ánxeles, consistes no lavado e pintado do edificio usando unha plataforma elevadora. Trátase de obras de escasa entidade para garantir as condicións de estanquidade e de seguridade pero non afectando á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC3).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL JOSE FERNANDEZ GARCIA, con domicilio no Outeiro 27, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de construción dun galpón de 46 $m^2$ para gando (cabalos), nas parcelas con referencia catastral: 15013A038011270000US, 15013A038009510000UD, 15013A038009500000UR, no lugar do Outeiro, Os Ánxeles, situado como mínimo a 5 metros dos lindes.
As parcelas onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL SILVA PROUPIN, con domicilio en Forxán 3,Viceso, na que comunica que vai realizar obras de pintado da fachada e colocación de zócalo de pedra na vivenda de Forxán 3, Viceso, que na parte máis alta alcanzará 1,30 metros e na máis baixa 0,60 m.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

m) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ENRIQUE CAMPOS GOMEZ, con domicilio en Praza de Galicia 3, 4ºD, Santiago de Compostela, na que comunica que vai realizar obras de colocación dun aplacado en pedra nas fachadas traseira e lateral dereita da vivenda sita en Xinzo 21, Bastavales, nunha superficie aproximada de 80 $m^2$.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-1).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

n) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Isabel Figueroa Caamaño, que di actuar en representación de JULIAN FARIÑA PIÑEIRO, con domicilio na Rúa Alcalde Lorenzo 1, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar obras de movemento de terras para mellorar a accesibilidade da parcela con referencia catastral: 15013B505007910000MS.
A parcela onde se pretende executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- En ningún caso poderá alterar considerablemente a topografía natural do terreo.
- Non poderá alterar en máis de tres metros a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

ñ) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan Carlos Zazo Muñoz, que di actuar en representación de EXTERION MEDIA SPAIN S.A.U, con domicilio en C/ Valle de la Fuenfría 3-1º, Madrid, na que comunica que van colocar un cartel publicitario de 4,8 x 3 metros na parcela con referencia catastral 6760711NH2466S0001AO, consonte co proxecto técnico de instalación redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Carlos Zazo Múñoz, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid, visado o 01/06/2017.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC2).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras de instalación, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

o) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE CAMIÑO LOSADA, con domicilio en O Casal, 11, Brión, na que comunica que vai realizar obras de movemento de terras no agro de Brañas de Landeira (O Casal), para mellorar a accesibilidade das parcelas con referencias catastrais: 15013A03000777, 15013A03000778, 15013A03000011, 15013A3000012, 15013A03000023, 15013A03000024.
As parcelas onde se pretenden executar as obras atópanse dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como solo rústico, séndolles de aplicación en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016 o disposto nesta lei para o solo rústico.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- En ningún caso poderá alterar considerablemente a topografía natural do terreo.
- Non poderá alterar en máis de tres metros a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

p) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN CALVO CREGO, con domicilio en Avda dos Anxeles 22, Brión, na que comunica que vai realizar obras de construción dun garaxe de 8 m. x 6 m., con bloques de formigón acabado en cor crema, situado a 3 metros dos lindes e cunha altura máxima en calquera punto inferior a 4 metros, segundo planos presentados o 21/06/2017 (r.e.2712), en Babenzo 53, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1, UC1.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

q) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS PINTOR IGLESIAS, con domicilio na Urbanización Monte Debesa 49, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de substitución do valado de peche da vivenda da Urbanización Monte Debesa 49, Os Ánxeles, por muro de formigón revestido en pedra do país de 9 metros de lonxitude, e substituír o portal de ferro por outro de PVC.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC3).
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a altura máxima do muro non sexa superior a 1,20 m.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

r) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GLORIA VAZQUEZ PAIS con domicilio do Rial 10, Brión, na que comunica que vai realizar obras de colocación de tubos de formigón na entrada da súa vivenda do Rial 10, Brión.
A parcela onde se pretende executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1), para as áreas consolidadas pola edificación.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A sección dos tubos de formigón será de 40 cms.
- Os extremos do tubo serán accesibles.
- Reporase ao seu estado previo o tramo de viario municipal afectado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

s) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RESIDENCIAL A SENRA, con domicilio na Avd. da Mahía 60, 1A, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar obras de colocación dun acceso de formigón desde a beirarrúa ata a entrada do edificio da Rúa da Senra 20, Os Ánxeles.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza nº2.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).**

a) Deuse conta dun escrito asinado por Javier Daniel Núñez Caballero, que di actuar en representación de OBRADOIRO METALICO GALEGO SC, con domicilio na Rúa Cancelos 3, Os Ánxeles - Brión, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de carpintería metálica, situada na Rúa Cancelos 3, Os Ánxeles - Brión.
A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Javier Daniel Núñez Caballero e preténdese poñer a nome de Obradoiro Metálico Galego S.C.
A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación autorizando o cambio de titularidade do establecemento dedicado a carpintería metálica sita na Rúa Cancelos 3, Os Ánxeles – Brión a nome de Obradoiro Metálico Galego S.C, con CIF: J-70517818.

**CUARTO.- LICENZA DE VADO PERMANENTE (BAIXA).**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANXO FERNANDEZ MATO, con domicilio en Rúa Roma Portal 1, baixo F, Santiago de Compostela, na que solicita a baixa na licenza municipal de vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Avd. dos Ánxeles 41, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local o 02/02/2011, con número de licenza: 2011/01.
A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza a baixa do vado permanente concedido en Xunta de Goberno Local o 02/02/2011, debendo dar conta deste acordo á tesourería municipal para ter en conta na confección dos padróns fiscais por esta taxa.

**QUINTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Sabuceda Costa, que di actuar en representación de MARTA NOVO ARTEAGA, con domicilio en Capela 13 - Gres, Vila de Cruces (Pontevedra), na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Soigrexa 40, Bastavales.
Con data 08/01/2008 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Marta Novo Arteaga e Majad Saadati Sohi, para construír a vivenda unifamiliar.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 12/09/2014, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARIA GARCIA CARBIA, con domicilio en Estrar 39, Os Ánxeles (r.e. 1982, do 09.05.2017), na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Estrar 39, Os Ánxeles, e se lle permita o mantemento en precario do muro de peche que se sitúa na porción obxecto de cesión ao concello con destino a viario público.
Con data 05/02/2013 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Sumay e Solvive S.L. para construír a vivenda unifamiliar.
Con data 11/08/2014 a Xunta de Goberno Local concedeulle o cambio de titularidade da licenza a nome de ROSA MARIA GARCIA CARBIA.
Con data 30/04/2015 a Xunta de Goberno Local denegoulle a licenza de primeira ocupación por non cumprir os requisitos esixidos na concesión da licenza e que concirnen á cesión e regularización efectiva do viario.
A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, e do certificado final de dirección de obra do arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña o 15/12/2014, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que deberá proceder á demolición do muro de peche sen indemnización ningunha no intre que o concello o requira e, singularmente, cando se proceda polo concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación sen que se poidan levar a cabo no mesmo máis obras que as que se permitan ás construcións que se atopan en tal situación.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.
.
c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA ISABEL FERNANDEZ CALVO, con domicilio en Baliño 9, Bastavales, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Baliño 9, Bastavales.
Con data 11/12/2009 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María Isabel Fernández Calvo e José Antonio Chaves Vázquez, para construír unha vivenda unifamiliar.
Con data 22/06/2017 ( r.e. 2739, do 22.06.2017) José Antonio Chaves Vázquez solicita que a efectos de concesión da licenza de primeira ocupación se lle permita o mantemento en precario do muro de peche que se sitúa na porción obxecto do cesión ao concello con destino a viario público.
A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e do certificado final de obra do arquitecto José Mario López Freire, visado polo colexio oficial de aparelladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación da Coruña o 09/05/2016, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición

de que deberá proceder á demolición do muro de peche sen indemnización ningunha no intre que o concello o requira e, singularmente, cando se proceda polo concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación sen que se poidan levar a cabo no mesmo máis obras que as que se permitan ás construcións que se atopan en tal situación.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**SEXTO- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROCIO VAZQUEZ LOURIDO, con domicilio en Cantelar 13, Boullón, e por JOSE LOURIDO PEREZ, con domicilio en Gronzo 10, Brión, na que solicitan licenza de segregación da parcela 58 de concentración parcelaria de San Miguel de Boullón (parcela con referencias catastrais 4040501NH2444S0001GD e 15013B501200580000MS), segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado número 245/17.

Descrición da parcela matriz:
Parcela nº : 58 de concentración parcelaria de San Miguel de Boullón.
Referencia catastral: 404050NH2444S0001GD e 15013B501200580000MS
Superficie catastral: 3.215 m$^2$.
Superficie rexistral: 3.215 m$^2$.
Superficie segundo medición recente: 3.215 m$^2$.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) e solo rústico de protección forestal.
Lindes:
Norte: Lourdes María Pérez Martínez (365 adicional) e Ramón Pérez Pedrosa (40).
Sur: Florentina Nieto Pérez (59) e camiño.
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: Manuel Fernández Fraga (56).

Segregación pretendida:

**Parcela segregada nº 58-2**
Superficie bruta: 976 m$^2$.
Superficie de cesión (a 5,5m do eixo do camiño en vías entre núcleos e 4m do eixo do camiño en vías interiores e núcleos): 127 m$^2$.
Superficie neta: 849 m$^2$
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).
Lindes:
Norte: resto da finca matriz.
Sur: camiño.
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria
Oeste: Florentina Nieto Pérez (59).

**Resto finca matriz:**
Superficie bruta: 2.239 m$^2$.
Superficie de cesión: (a 5,5m do eixo do camiño): 17m$^2$.
Superficie neta: 2.222 m$^2$.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2) e solo rústico de protección forestal.
Lindes:
Norte: Lourdes María Pérez Martinez (365 adicional) e Ramón Pérez Pedrosa (40).
Sur: Florentina Nieto Pérez (59) e parcela segregada.
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: Manuel Fernández Fraga (56).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando

aos interesados, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberán proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**SETIMO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA REGUEIRO MONTERO, con domicilio en na Torre 6, Brión, de solicitude de licenza de obra para rehabilitar un galpón na Torre 6, Brión, para destinalo a trasteiro e lavandería da vivenda, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05/04/2017.
A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.
A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05/04/2017.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.30 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

| | |
|---|---|
| O alcalde<br>Vº e Prace | O secretario |
| José Luis García García | Javier Nieves González |